

Citas coa extinción

Fauna mariñán condenada a desaparecer

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 15 DE SETEMBRO

Eliminación de invasoras no río Mandeo

O obxectivo desta xornada é eliminar un foco de tradescantia (*Tradescantia fluminensis*) no río Mandeo. Esta planta exótica invasora despraza ás especies autóctonas nas ribeiras do río. Levamos varios anos erradicándoa no tramo de 6 km que apadriñamos no curso baixo do Mandeo. De feito, este foco é o último que nos queda por eliminar. Está situado no lugar de Chelo, ameazando con propagarse río abaixo por zonas nas que xa está totalmente erradicada esta planta de orixe sudamericana.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 en Chelo.

Convén que leves luvas e algo para protexer os xeonllos. Non fai falla que leves ferramentas: xa as proporciona a organización. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

Os cativos poden participar, pois é moi doado arrincar esta planta, pero sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles.

Contamos co permiso da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para xestionar especies exóticas invasoras.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, código postal, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.